

## INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: *SUBMINISTRACIÓN e SERVIZOS PARA A RENOVACIÓN DAS BARREIRAS DE DEVASAS DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA*

Valor estimado de licitación do contrato: 48.760,33€ ( subministración: 4.850€, e servizo: 52.499,03€)

Duración inicial: 3 anos dende a súa formalización ( improrrogable), agás que a oferta do adxudicatario contemple tempo de soporte adicional, ata un máximo de 24 meses .

### Datos do expediente:

- Procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada
- Tramitación ordinaria
- Varios criterios de adxudicación

### Análise da proposta

Recíbese a proposta de adxudicación formulada polo Xefe de Servizo de Persoal e Réxime Interior, ao abeiro da última Mesa de Contratación, e onde o iter procedimental que resulta é o seguinte:

- ✓ Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- ✓ Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- ✓ Presentouse un só licitador: **Emetel sistemas, S.L.**
- ✓ A oferta económica do licitador adxudicatario é ao tipo da licitación tanto en subministro como en servizo, coa mellora da auditoría de seguridade e de dúas fontes de alimentación.
- ✓ Que visto que o licitador cumpría os requisitos esixidos e a súa proposición do sobre B e C axustábanse aos pregos, unha vez ponderados os criterios que debían aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario así como a clasificación destes, tendo en conta que se trataba dun só licitador e, por ende, dáselle a máxima puntuación nos criterios comparativos, requiriuse pola mesa de contratación ao licitador para aportar a documentación precisa para a adxudicación.
- ✓ A Mesa de contratación examinou a documentación administrativa para a adxudicación presentada polo indicado licitador, incluída a garantía do 5% do valor estimado de cada lote e o abono dos anuncios, sendo presentada correctamente.

Examinada a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de contratación á Mesa do Parlamento a favor do licitador **Emetel sistemas, S.L.**, FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarase nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 ( Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 22 de novembro de 2016

A interventora